



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Enfermería clínica III	Código	750G01017	
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Terceiro	Obrigatoria	9
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Pérez Castro, Teresa Rosalía	Correo electrónico	t.perez@udc.es	
Profesorado	Gago García, Esther	Correo electrónico	e.gago@udc.es	
	Pérez Castro, Teresa Rosalía		t.perez@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	A asignatura de Enfermería Clínica III pertence ó Grao en Enfermería, desenrolándose no terceiro curso, con carácter anual. Ten asignados 9 créditos, o que supón 225 horas de carga lectiva para o alumno. Os principais temas ou núcleos de coñecemento abarcan alteracións neurolóxicas, cardiolóxicas, inmunolóxicas, hematolóxicas, dos sentidos (oftalmolóxicas, autitivas), da pel, e a atención a doentes en estado crítico, partindo dunha base anatómica e fisiolóxica. O propósito desta materia é capacitar ao estudante para identificar as principais alteracións de saúde nas persoas adultas, as súas consecuencias a nivel persoal, familiar e comunitario; planificar e avaliar os cuidados de enfermaría, adaptándoos ó ámbito de actuación profesional, sendo o obxectivo dos cuidados conseguir o maior grao de independencia das persoas			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A15	Recoñecer as situacións de risco vital e saber executar manobras de soporte vital básico e avanzado.
A34	Coñecer as alteracións de saúde do adulto, identificando as manifestacións que aparecen nas distintas fases.
A35	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
A36	Analizar os datos recollidos na valoración, priorizar os problemas do paciente adulto, establecer e executar o plan de cuidados e realizar a súa avaliación.
A37	Realizar as técnicas e procedementos de cuidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.
A38	Seleccionar as intervencións encamiñadas a tratar ou previr os problemas derivados das desviacións de saúde.
A39	Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.
B21	Implicación na calidade e busca/procura da excelencia.



B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Identificar as alteracións de saúde da persoa adulta: factores que inflúen, mecanismos fisiopatolóxicos, manifestacións, os métodos diagnósticos e tratamentos médicos e cirúrxicos específicos			
Identificar as necesidades de coidado en persoas adultas con problemas de saúde, e os derivados de tratamentos, probas diagnósticas e procedementos terapéuticos	A34 A35	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B15 B16	C1 C3 C6 C11
Identificar os diagnósticos de enfermería e complicacións potenciais en persoas adultas con problemas de saúde e os derivados de tratamentos, probas diagnósticas e procedementos terapéuticos.	A34 A35 A36	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B24	C1 C3 C6 C8 C11



Planificar cuidados de enfermaría en persoas adultas con problemas de saúde e os derivados de tratamentos, probas diagnósticas e procedementos terapéuticos.	A34 A35 A36 A37 A38 A39	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B21 B24	C1 C3 C6 C7 C8 C10 C11
Identificar os procesos patolóxicos que desencadenan riscos vitais	A15 A34 A35	B1 B2 B3 B4 B8 B9	C1 C3 C11
Identificar as necesidades de cuidados das persoas adultas en situación crítica e as súas familias e planificar cuidados de enfermaría para as persoas adultas en situación crítica e as familias	A15 A34 A35 A36 A37 A38 A39	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B12 B13 B14 B16 B21	C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C12

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I: COIDADOS DE ENFERMARÍA A DOENTES EN ESTADO CRÍTICO	COIDADOS DE ENFERMARÍA A DOENTES EN ESTADO CRÍTICO
TEMA 1: Características das Unidades de Cuidados Intensivos.	1.1: Definición. Clasificación dos niveis asistenciais hospitalarios 1.2: Organización, xestión, recursos e estrutura física 1.3: Seguridade e calidade 1.4: Dereitos e garantías do paciente
TEMA 2: Procedimientos especiais: monitoraxe e rexistros	2.1: Monitoraxe. Tipos, obxectivos. 2.2: Rexistros



TEMA 3: Shock	<ul style="list-style-type: none"><li>3.1: Concepto e fases</li><li>3.2: Como detectar un shock? Clínica e diagnóstico etiolóxico</li><li>3.3: Clases de shock</li><li>3.4: Monitoraxe no shock.</li><li>3.4: Manexo terapéutico</li><li>3.5: Papel da enfermaría</li></ul>
TEMA 4: Traumatismos Torácicos	<ul style="list-style-type: none"><li>4.1: Valoración clínica</li><li>4.2: Clasificación do TT</li><li>4.3: Complicacións e secuelas</li><li>4.4: Probas de imaxe e tratamento quirúrxico</li><li>4.5: Oxigenoterapia. Drenaxe pleural</li><li>4.6: Incentivadores</li><li>4.7: Gasometrías arteriais</li></ul>
TEMA 5: Traumatismos Abdominais	<ul style="list-style-type: none"><li>5.1: Clasificación do TA</li><li>5.2: Fisiopatoloxía do TA</li><li>5.3: Valoración do doente con TA</li><li>5.4: Probas específicas abdominais</li><li>5.5: Manexo do paciente con TA</li><li>5.6: Laparotomía</li><li>5.7: Presión intra-abdominal</li><li>5.8: Manexo da dor abdominal</li></ul>
TEMA 6: Traumatismos Cranioencefálicos	<ul style="list-style-type: none"><li>6.1: Clasificación do TCE</li><li>6.2: Avaliación e reanimación do TCE grave</li><li>6.3: Protocolo terapéutico</li><li>6.4: Monitoraxe e tratamento</li><li>6.5: Profilaxe e apoio nutricional no doente con TCE</li></ul>
TEMA 7: Intoxicacións Agudas	<ul style="list-style-type: none"><li>7.1: Definición de intoxicación</li><li>7.2: Clasificación de tóxicos</li><li>7.3: Causas de intoxicación</li><li>7.4: Avaliación das Intoxicacións agudas</li><li>7.5: Tratamento das Intoxicacións agudas</li></ul>
TEMA 8: O gran queimado	<ul style="list-style-type: none"><li>8.1: Definicións</li><li>8.2: Fisiopatoloxía</li><li>8.3: Clasificación das queimaduras</li><li>8.4: Manexo do queimado</li><li>8.5: Tratamento xeral e específico</li><li>8.6: Tratamento das lesións por queimadura</li></ul>
MÓDULO II: ALTERACIÓNS DE SAÚDE EN ADULTOS	ALTERACIÓNS DE SAÚDE EN ADULTOS
TEMA 9: Atención de enfermaría a doentes con alteracións Neurolóxicas	<ul style="list-style-type: none"><li>9.1: Observación e valoración do paciente con alteracións do sistema nervioso.</li><li>9.2: Técnicas diagnósticas en Neuroloxía</li><li>9.3: Epilepsia</li><li>9.4: Accidente cerebro-vascular agudo (ACVA)</li><li>9.5: Meninxite</li><li>9.6: Tumores cerebrais</li><li>9.7: Enfermidades da medula espinal. Hernia de disco</li></ul>



TEMA 10: Atención de enfermaría a doentes con alteracións Cardíacas	<p>10.1: Insuficiencia coronaria</p> <p>10.2: Insuficiencia cardíaca.</p> <p>10.3: Endocardite infecciosa.</p> <p>10.4: Enfermidades do pericardio</p> <p>10.5: Tromboembolismo pulmonar</p> <p>10.6: Trastornos do ritmo cardíaco relacionados con PCR</p>
TEMA 11: Atención de enfermaría a doentes con alteracións Hematolóxicas	<p>11.1: Métodos diagnósticos</p> <p>11.2: Anemias</p> <p>11.3: Leucemias.</p> <p>11.4: Linfomas.</p> <p>11.5: Aplasia medular.</p> <p>11.6. Trastornos da hemostasia</p>
TEMA 12: Atención de enfermaría a doentes con alteracións Inmunolóxicas	<p>12.1: Autoinmunidade e enfermidades autoinmunes</p> <p>12.2: Síndrome de inmunodeficiencia adquirida. Infección VIH/SIDA</p> <p>12.3: Transplante de órganos e tecidos</p> <p>12.4: Enfermidades autoinmunes: Lupus eritematoso. Artrite reumatoide</p>
TEMA 13: Atención de enfermaría a doentes con alteracións Oftalmolóxicas	<p>13.1: Anatomía do Aparello Ocular</p> <p>13.2: Métodos diagnósticos. Exame e valoración física. Probas diagnósticas</p> <p>13.3: Principais alteracións das pálpebras</p> <p>13.4: Principais alteracións das vías lagrimales</p> <p>13.5: Principais alteracións da conjuntiva: Conjuntivitis</p> <p>13.6: Principais alteracións da córnea: Queratitis. Traumatismos. Queratoplastia.</p> <p>13.7: Principais alteracións do cristalino: Cataratas</p> <p>13.8: Principais alteracións da cámara anterior do ollo. Glaucoma: Tipos, etiología, manifestacións clínicas, tratamento.</p> <p>13.9: Principais alteracións da mácula: MAE, DMAE</p> <p>13.10: Principais alteracións da retina: Desprendemento de retina. Retinopatía diabética.</p> <p>13.11: Traumatismos oculares</p>
TEMA 14: Atención de enfermaría a doentes con alteracións da pel	<p>14.1: Recordo anatomo-fisiolóxico</p> <p>14.2: Alteracións dérmicas: dermatite</p> <p>14.3: Úlceras por presión</p> <p>14.4: Tumoracións</p>
TEMA 15: Atención de enfermaría a doentes con alteracións Auditivas	<p>15.1: Trastornos do oído externo</p> <p>15.2: Trastornos do oído medio</p> <p>15.3: Trastornos do oído interno</p>

### Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	<p>A15 A34 A35 A36</p> <p>A37 A38 A39 B5 B7</p> <p>B8 B12 B14 B15 B16</p> <p>B19 B24 C4 C7 C10</p> <p>C11</p>	32	32	64



Seminario	A15 A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B14 B15 B21 B24 C1 C3 C6 C7 C8 C10 C11 C12	31	31	62
Estudo de casos	A15 A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B14 B16 B21 B24 C1 C6 C7 C10 C11 C12	8	12	20
Lecturas	A15 A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B4 B11 B21 C6 C7 C8 C11	8	16	24
Proba de resposta múltiple	A34 A35 A36 A37 A38 A39 B2 B3	2	49	51
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral con apoio audiovisual na que, a partir dunha base anatomo-fisiolóxica, desenvolveranse os temas que comprende a materia, co fin de transmitir coñecementos acerca das principais alteracións de saúde no adulto e facilitar no alumno unha base teórica que contribúa á toma de decisións, priorización de problemas, e á planificación do seu traballo
Seminario	Metodoloxía de aprendizaxe orientada a un nivel máis práctico, na que, a partir do estudo dun tema, o grupo adquira coñecementos e poida, en base a iso, expor unha discusión, hipótese ou presentar opcións de resolución de casos. Nos seminarios promoverase a participación individual e colaborativa
Estudo de casos	Actividade na que, unha vez adquiridos os coñecementos necesarios e facilitada documentación complementaria que contribúa á formación, exponse casos clínicos (situacións reais da actividade profesional) para que o alumno trate de analizar a situación, comprendela, e expoña as accións que considere para resolver o problema. Este traballo exporase de forma individual ou en pequenos grupos, coa finalidade de desenvolver tanto capacidades autónomas como interpersoais dentro dun equipo.
Lecturas	Conxunto de textos, artigos científicos, guías de práctica clínica, que se seleccionan tanto para que o alumno desenvolver capacidade de análise como para complementar os coñecementos adquiridos. Mediante estas lecturas, téntase que o alumno se afaga á procura de información a partir das bases de datos e que se concencie da importancia da formación continuada e da investigación para o desenvolvemento das súas funcións.
Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva de carácter evaluativo que integra preguntas de resposta múltiple referidas aos contidos desenvolvidos a través das distintas metodoloxías durante o curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



<p>Estudo de casos Proba de resposta múltiple Lecturas</p>	<p>A atención personalizada para as metodoloxías consistirá no seguimento por parte do profesor do proceso de aprendizaxe do alumnado para cada caso clínico ou lectura proposto, de tal forma que este tempo contribúa a orientar e a apoiar os avances por parte do alumno. Esta atención poderá ter tanto un carácter presencial, ben de forma individual ou en pequeno grupo, ou de forma telemática, mediante a supervisión dos arquivos que proporcionen os alumnos ante o requirimento do profesor sobre o tema que se estea a tratar.</p> <p>Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a ?Norma que regula o Réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de Grao na UDC? (Arts 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/2012). Este alumnado desenvolverá a súa actividade coa participación nas dinámicas propostas para a materia descritas para os Estudos de Casos e as Lecturas, tendo en conta a flexibilidade de asistencia-participación e os requisitos para superar a materia</p>
--	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
<p>Estudo de casos</p>	<p>A15 A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B14 B16 B21 B24 C1 C6 C7 C10 C11 C12</p>	<p>Nos estudos de casos expóranse aos alumnos casos clínicos prácticos relacionados cos temas da materia, mediante sistema de pregunta-resposta curta, proporcionando no caso de que sexa necesaria documentación ou outro material para facilitar o seu enchemento e ampliar os coñecementos.</p> <p>Valorarase a capacidade para relacionar o coñecemento xeral dos temas desenvolvidos nas Sesións Maxistras e os Seminarios con problemas concretos, a capacidade de análise e comprensión da situación, así como a capacidade de interacción dentro do grupo e as achegas durante o proceso de reflexión no traballo en grupo no caso de que os casos clínicos non se resolvan de forma individual.</p> <p>Os Casos Clínicos expóranse a través da plataforma Moodle e o alumno terá que facer entrega a través da mesma plataforma, e dentro do prazo sinalado, da súa proposta para a resolución do caso exposto.</p> <p>A entrega dos estudos de casos é obrigatoria. Quedan excluídos desta obrigatoriedade os alumnos de matrícula parcial con exención de asistencia, que deberán realizar as actividades que se lle indiquen e entregalas no momento sinalado; esta programación realizarase cando se presente o caso.</p> <p>As actividades relacionadas cos estudos de casos son de carácter sumativo e non se poden recuperar ou substituír por outras actividades da materia. Ao longo do curso, realizaranse un total de 5 estudos de casos, nas datas establecidas no cronograma da materia.</p> <p>Cada estudo de casos ten unha puntuación máxima de 10. Supoñerán o 25% da cualificación final</p>	<p>25</p>



Proba de resposta múltiple	A34 A35 A36 A37 A38 A39 B2 B3	<p>Realizaranse dúas probas escritas cada unha nun tempo de 60 minutos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- 1ª proba escrita: coincidindo unha semana despois de finalizar o Módulo I (Atención de Enfermaría a persoas en Estado Crítico).</li><li>- 2ª proba escrita: coincidindo coa data oficial do exame da materia ao finalizar o curso (data publicada na páxina web da Facultade).</li></ul> <p>As dúas probas constarán de 30 preguntas tipo test (4 alternativas de resposta, cunha soa resposta válida). Os contidos que se avaliarán nestas dúas probas serán os desenvolvidos durante as sesións maxistras, os seminarios, os estudos de casos e as lecturas científicas.</p> <p>As dúas probas escritas, en caso de ser superadas, liberan materia ata a convocatoria de XULLO dese curso académico. Se na convocatoria de Xullo o alumno non logrou superar as 2 probas escritas, deberá examinarse da materia completa na seguinte convocatoria.</p> <p>Cada proba posúe un valor de 10 puntos e para superalo o alumno debe alcanzar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.</p> <p>A nota final da proba de resposta múltiple calcularase facendo unha media aritmética da cualificación obtida nas dúas probas escritas a condición de que en ambas as probas obtéñase a cualificación mínima esixida (unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10).</p> <p>Estas probas supoñerán o 60% da cualificación final.</p> <p>Fórmula para o cálculo da puntuación: Puntuación = nº de acertos - nº erros/4.</p>	60
Lecturas	A15 A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B4 B11 B21 C6 C7 C8 C11	<p>Nas actividades de Lectura proporcionaranse aos alumnos Artigos Científicos relacionados cos temas expostos nas Clases Maxistras ou Seminarios, de tal forma que o alumno terá que facer unha lectura crítica dos mesmos.</p> <p>Do mesmo xeito que nos Estudos de Casos, valorarase o nivel de conceptos adquirido polo alumno, a claridade de ideas e a capacidade do alumno para chegar a expresar un criterio propio sobre o texto proposto, tentando que este se base na mellor Evidencia Científica que exista sobre o tema desenvolvido.</p> <p>Realizaranse un total de 2 lecturas ao longo do curso.</p> <p>A entrega das lecturas é de carácter obrigatorio, e non se poderán recuperar ou substituír por outras actividades. Teñen un carácter sumativo.</p> <p>Cada actividade de lectura ten unha puntuación máxima de 10. Supoñerá o 15% da cualificación final</p>	15

## Observacións avaliación





Sendo unha materia de carácter obrigatorio, será necesaria a asistencia ás sesións maxistras e seminarios, e a entrega de polo menos o 80% do os estudos de casos e lecturas para a superación da materia.

## Non

Presentado: no acta de cualificacións figurará como Non presentado (N.P.) aquel alumno que non se presente á proba escrita final.

## Matrícula

de honra: será outorgada automaticamente aos 3 alumnos que alcancen a maior cualificación, sempre que esta sexa igual ou superior a 9,0. No caso de que exista maior número de alumnos que matrículas de honra asignadas á materia, previa solicitude por escrito dos alumnos interesados, programarase, en hora e data acordada polos interesados, a realización dun exame tipo proba obxectiva para asignar as matrículas de honra ás mellores cualificacións

## Oportunidade

adiantada: será condición necesaria para superar a materia:

.

Superar unha proba escrita coincidindo coa data oficial da materia ao finalizar o curso. A proba constará de 30 preguntas tipo test con 4 alternativas de resposta nas que só unha opción é válida. A puntuación máxima desta proba será de 10 puntos. Será necesaria unha puntuación =5 puntos para a superación da proba. Supoñerá o 80% da nota final.

.

A cualificación dos casos prácticos será substituída por un único traballo que posuirá unha cualificación máxima de 10 puntos. Supoñerá o 20% da nota final.

.

Para superar a materia é necesario obter unha avaliación favorable (puntuación de 5 na proba escrita e no traballo presentado). Os 5 restantes son sumativos pero non son obrigatorios.

.

Fórmula para o cálculo da puntuación:

$Puntuación = n^{\circ} \text{ de acertos} - n^{\circ} \text{ erros}/4$ .

As respostas non contestadas non puntúan

## Alumnos

con matrícula a tempo parcial sen exención de asistencia:

.

Realizaranse as mesmas probas de resposta múltiple que para o resto dos alumnos. Os contidos que se avaliarán neste exame serán os desenvolvidos durante as sesións maxistras, os seminarios, os estudos de



casos e as lecturas O primeiro exame parcial realizarase ao finalizar o módulo 1. Este exame en caso de ser superado libera materia en convocatoria de Xuño e Xullo dese curso académico. Para liberar materia o alumno debe alcanzar unha puntuación igual ou superior a 5 sobre 10. En caso de non superalo o alumno poderá repetir esta proba na convocatoria de Xuño ou Xullo. Achegará o 60% da puntuación total da materia.

Fórmula para o cálculo da puntuación:

$Puntuación = n^{\circ} \text{ de acertos} - n^{\circ} \text{ erros}/4$ .

As respostas non contestadas non puntúan

Ao longo do curso, os alumnos deberán presentar os estudos de casos e lecturas propostas polo profesor a través da plataforma Moodle. Cada estudo de caso terá un valor máximo de 10 puntos e achegarán o 25% do total da nota final. Cada lectura terá un valor máximo de 10 puntos e achegarán o 15% do total da nota final.

Alumnos

con matrícula parcial e exención de asistencia.

Realizarán:

2 probas de resposta múltiple. A proba constará de 30 preguntas tipo test con 4 alternativas de resposta nas que só unha opción é válida. Os contidos que se avaliarán neste exame serán os desenvolvidos durante as sesións maxistras, os seminarios, os estudos de casos e as lecturas. O primeiro exame parcial realizarase ao finalizar o módulo 1. Este exame en caso de ser superado libera materia en convocatoria de Xuño e Xullo dese curso académico. A puntuación máxima de cada proba será de 10 puntos. Para liberar materia o alumno debe alcanzar unha puntuación igual ou superior a 5 sobre 10. Supoñerán o 70% da nota final.

Un traballo sobre un tema relacionado co programa da materia, e a defensa do mesmo será oral (a data da entrega do traballo e a defensa oral publicarase na plataforma Moodle). O traballo posúe un valor de 10 puntos e supoñerá o 30% da nota final. Este traballo virá substituír os estudos de casos e as lecturas traballados durante o curso.

Sistema de cualificacións: O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 do 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

0-4,9 = Suspenso



5-6,9 = Aprobado

7-8,9 = Notable

9-10 = Sobresaliente

9-10= Matrícula de Honra  
(Graciable)



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- BULECHEK GLORIA M, BUTCHER HOWARD K, DOCHTERMAN JOANNE&amp;nbsp;M,&amp;nbsp;WAGNER&amp;nbsp;CHERYL M (2014). Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC). Barcelona: Elsevier</li><li>- FARRERAS / ROZMAN (2004). Medicina Interna. (2 vol.). Madrid: Elsevier</li><li>- LINDNER U, DUBIN D. (2005). Introducción a la electrocardiografía: Método autodidacta de interpretación de ECG. . Barcelona: Masson</li><li>- LUIS RODRIGO MT. (2013). Diagnósticos Enfermeros. Revisión y guía práctica. Barcelona: Elsevier</li><li>- MOORHEAD S, JOHNSON M, MERIDEAN LM, SWANSON E (2014). Clasificación de Resultados de Enfermería (NOC). . Barcelona: Elsevier</li><li>- (2013). NANDA Internacional. Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2012-2014. Madrid: Elsevier</li></ul> <p>Sociedad Española de Medicina Intensiva, Crítica y Unidades Coronarias: <a href="http://www.semicyuc.org">http://www.semicyuc.org</a> Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia: <a href="http://061.sergas.es">http://061.sergas.es</a> <a href="http://www.fisterra.com/">http://www.fisterra.com/</a> <a href="http://biblioteca.sergas.es">http://biblioteca.sergas.es</a> Revistas: Enfermería clínica Metas de Enfermería Nursing Rol de enfermería Index de enfermería Enfermería intensiva.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/750G01001  
Biología/750G01002  
Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/750G01004  
Fisiología I/750G01005  
Coidados Básicos en Enfermería/750G01006  
Fundamentos da Enfermería/750G01007  
Nutrición/750G01009  
Fisiología II/750G01010  
Farmacología/750G01011  
Situacións de risco para a saúde e radiología/750G01013  
Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016  
Estancias Clínicas I/750G01025  
Estancias Clínicas II/750G01026  
Enfermería Clínica I/750G01034  
Fisiología/750G01105

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermería Comunitaria II/750G01019  
Enfermería Xerontolóxica/750G01020  
Xestión dos servizos da Enfermería/750G01021  
Estancias Clínicas V/750G01029  
Practicum/750G01032

### Materias que continúan o temario

Estancias Clínicas IV/750G01028

## Observacións



Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.- Nesta materia, o profesorado, ten contraído o compromiso de aplicación da normativa da UDC ante situacións de plaxio.

**(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**